

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 DIRECTOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PONTE DE AREAS VII” CONCELLOS DE O PÁRAMO, O CORGO E GUNTÍN, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OTORGADA POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, AO ABEIRO DA ORDE DO 21 DE ABRIL DE 2023, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral de 1 traballador como DIRECTOR do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PONTE DE AREAS VII- CONCELLOS DO PÁRAMO-O CORGO-GUNTÍN, promovido polo Concello do Guntín .

A contratación está subvencionada pola Consellería pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG nº85, do 4 de maio de 2023)

Ocupación	Nº de postos	Servizo	Duración da Contratación
DIRECTOR	1	Obradoiro dual de emprego “Ponte de Areas VII” Concellos de O Páramo -O Corgo-Guntín	12 Meses

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 12 da Orde do 21 de abril de 2023 e nas instrucións remitidas coa Resolución de Concesión de subvención de data 02/10/2023 da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Formalizarase co persoal seleccionado un contrato mediante a modalidade de contrato, conforme o previsto no Estatuto dos Traballadores e a Orde reguladora da axuda e segundo o artigo 13 da Orde do 21 de abril de 2023.

### 2.- MODALIDADE DO CONTRATO.-

A modalidade do contrato de traballo de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral , modelo 405, segundo o establecido no artigo 13 da Orde de referencia da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O contrato de traballo terá carácter temporal, cunha duración de doce meses e será a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. Os alumnos/as-traballador/es seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

### 3.- FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Supervisar a dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarase da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.
- Coordinador da Seguridade e Saúde das obras e actuacións obxecto da actuación do obradoiro dual de emprego.

### 4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

En cumprimento do establecido na Orde reguladora das axudas o persoal seleccionárase entre o preseleccionado polo Servizo Público de Emprego, segundo a oferta presentada ao efecto polo Concello De Guntín. As persoas candidat



serán remitidas a entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva en función do artigo 12 da devandita orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da titulación de Arquitecto ou arquitecto técnico e ter experiencia de 24 meses coa titulación

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

## 5.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 12 da Orde do 21 de abril de 2023, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

Ocupación	Servizo	Xornada
Director Obradoiro	Ámbito: Nos termos municipais dos Concellos de O Páramo, O Corgo e Guntín	Completa 100%

Número de postos :1

Número de candidatos a remitir: 3 por posto

Ocupación ou postos de traballo relacionados: arquitecto ou arquitecto técnico

Requisitos: segundo as bases

Os candidatos/as deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación a correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do concello [www.guntin.es](http://www.guntin.es)

**Os/as candidatos/as desempregados/as deberán presentar no Rexistro do Concello de Guntín documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias cotexadas), xunto co Anexo I-Modelo de solicitude, ata as 14 horas do día 30 de outubro de 2023 .**

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados.

## 6.- ÓRGANO DE SELECCIÓN .

O tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, para a provisión do posto de Director estará composto por:

Presidenta: Dna. María Cruz Rodríguez Vázquez

Vogais: Dna. Marta Jacob Trashorras, Dna. Marta Corral Moreira e Dna. María Jesús Grandío Río

Secretaría: Dna. Nadia Díaz Vázquez

Suplente da Presidenta: Dna. Miguel Angel Basadre Vázquez

Suplentes dos vogais: Dna Rocio Díaz Núñez, Dna. Ana Fernández Reiña, María Carmen Prieto Rojo

Suplente da Secretaría: D. Carolina Cortón Fernández

A selección terá lugar o vindeiro día **31 de outubro de 2023 ás 9:30 horas no salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Guntín.**

O Tribunal cualificador non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando conorra algunha das causas presentes na vixente lexislación.



Os membros do Tribunal Cualificador valorarán a entrevista a realizar polos/as demandantes de emprego, así como os méritos debidamente xustificadas polos solicitantes. Quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección. Tolo elo sen prexuízo de que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade, así como os aspectos aos que fai referencia a orde reguladora das axudas.

## **7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-**

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas aos postos de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e unha valoración de méritos seguindo o A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 11 da Orde do 21 de abril de 2023 e nas instrucións remitidas coa Resolución de Concesión de subvención de data 02/10/2023 da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

### **a) ENTREVISTA 3,5 puntos**

O Tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

### **b) MÉRITOS 6,5 puntos**

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos segundo a documentación acreditativa dos seus méritos presentada no Rexistro do Concello do Guntín.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa así como a puntuación total máxima de cada un, son os que se relacionan de seguido:

#### **BAREMO**

##### 1) Experiencia profesional/docente:

- ◆ Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 3 puntos.
- ◆ Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación exixida nestas bases para o posto de traballo: 0,50 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.
- ◆ O período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.
- no caso de traballadores/as autónomo/ass: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE ou certificado de Sistemas de previsión alternativo a Seguridade Social.
- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

##### 2) Cursos recibidos:

- Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado 1 punto.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.



3) Coñecementos de lingua galega:

- Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

## **8.- LISTA DE APROBADOS.-**

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do concello [www.guntin.es](http://www.guntin.es) a lista definitiva por orde de puntuación obtida (suma da entrevista persoal e a valoración de méritos).

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais, serán, por orde de prelación, os seguintes:

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou mais persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- Maior tempo acreditado como desempregado
- A puntuación obtida no apartado de experiencia como director/a
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional coa titulación.
- A puntuación resultante no apartado de coñecemento do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- A persoa de maior idade.

O Tribunal cualificador, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha listaxe de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao director.

## **9.- SELECCIÓN E NOMEAMENTO.-**

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es), no que se ordenarán os candidatos por orde de puntuación obtida. Elevarase proposta á Sras. Alcaldesa-Presidenta, que procederá a ditar resolución ao respecto e a formalización dos contratos laborais, conforme ao previsto na vixente lexislación.

O candidato proposto deberá aportar á entidade promotora do proxecto certificado médico oficial no que se certifique que non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego e unha declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.

## **10.- DISPOSICIÓN FINAL.-**

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición contencioso-administrativa.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade con establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es) ante a Alcaldesa do Concello de Guntín, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na si-



páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que puidese considerar mais conveniente para o seu dereito.

Tocante ao previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto Legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

En Guntín, a 13 de outubro de 2023

A ALCALDESA

María José Gómez Rodríguez



### **ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE**

D/a.....con D.N.I. nº..... con enderezo (para efectos de notificacións)

Na

R/.....nº..... piso.....C.Postal.....Localidade.....  
..... Municipio.....Provincia.....Teléfono..... correo electrónico.....

Recibida a oferta da Oficina de Emprego, para participar na selección de persoal para o Obradoiro de Emprego Ponte de Areas VII promovido polo Concello de Guntín e coa participación dos Concellos de O Corgo e O Páramo para a contratación laboral temporal a tempo completo de 1 praza de DIRECTOR do Obradoiro de Emprego.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello de Guntín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Polo exposto **SOLICITO** rexistar a documentación seguinte para a valoración de méritos:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego, no seu caso.
- Xustificante da Vida Laboral.
- Título académico:  
.....
- Cursos recibidos:
- PRL:  
.....  
.....
- Coñecemento da lingua galega .....
- Outros: (especificar)  
.....

Guntín, ....., de.....de 2023

O/A solicitante,

Asdo.: .....

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTIN

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE GUNTÍN para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE GUNTÍN na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Crta/ Xeral nº 12 - 27211 - Guntín (Lugo) .

